

Número 70 - 2018 - 14 euros

REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN

PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA



TRABALLO POR PROXECTOS

REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN

Nº 70 – APRENDIZAXE POR PROXECTOS



Editorial

O tema: Aprendizaxe por proxectos

A derradeira lección do mestre, de Castelao

O longo camiño dos proxectos na educación

Fátima M^a García Doval
(Investigadora en innovación e accesibilidade)

A pedagogía de proxectos, unha moda?

Antoni Zabala Vidriella
(Director pedagóxico de IRIF- Graó)

Un achegamento inxenuo ao traballo por proxectos

José Manuel Dopazo Mella
(IES Maruxa Mallo – Ordes)

Como podemos traballar por proxectos apoiándonos na lexislación vixente?

Alberto Sacido Romero
(IES Rosalía de Castro – Santiago)

Principios de actuación dunha escola transformadora: o traballo por proxectos no CPI Virxe da Cela (Monfero)

Camino Pereiro González
(CPI Virxe da Cela – Monfero)

Proxecto *Iguais... Eu vou ser*. Educando en igualdade

Laura Adela Fernández Blanco
(CPI de Atios – Valdoviño)

Normalización e integración lingüística máis alá da aula

Natividad Diéguez Pardo
(CPI Aurelio Marcelino Rei García – Cuntis)

Comacincio, proxecto sobre alimentación e actividade física

M^a Jesús Casado Barrio
(IES Francisco Daviña Rei – Monforte de Lemos)

Para sabermos algo máis...

Mónica Martínez Baleirón
(Consello de Redacción – Coordinadora do monográfico)

A entrevista

Abalamos a árbore da que debía comezar a caer froito. Entrevista a Paco Martín

Pilar Sampedro
(Consello de Redacción)

A lingua

Club de Debate: o exemplo de esperanza daquela moza que falaba no escenario

Concepción Cochón Rodríguez
(Servizo de Normalización – Concello de Pontevedra)

Experiencias

A orientación urbana: un percorrido polas rúas de Santiago

Rita María Díez Rechou
(IES Lamas de Abade – Santiago)

Convivencia e saúde en Rede: a experiencia do IES do Milladoiro

M^a Victoria Fernández Mosquera
Paula López Senín
Víctor Manuel Santidrián Arias
(IES do Milladoiro – Ames)

Pensar o ensino

Activismo do pensar

Carme Adán
(Integrante da Plataforma #FilosofíaSI)

A escola rural

Os colexios rurais agrupados en Galicia, centros con calidade

Ángel Segovia Largo
Lourdes Maceiras García
(Consellería de Educación / Universidade de Vigo)

As outras escolas

Fazendo a Ponte

José Pacheco
(Escola da Ponte)

Novas tecnoloxías	IEduLAB: desenvolvemento de simulacións para o ensino. Unha experiencia de traballo colaborativo escola-universidade Fernando Fraga Varela Carmen Bao Varela Andreu Blanco Cartagena Noelia Barreira Rodríguez (<i>Universidade de Santiago / Universidade da Coruña</i>)
Pais e nais	Educación inclusiva de calidade para as nenas e os nenos con discapacidade CONFAPA – Galicia
Xoguetainas e brinquetainas	200 recursos sobre os xogos tradicionais galegos. Primeira base de datos en liña sobre os xogos tradicionais (www.xogostradicionais.gal) Zelia Labraña (<i>Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional</i>)
Recursos do contorno	Aula activa do mar Santiago Gallego Picard e Museo do Mar (Rianxo) Araceli Serantes (<i>Universidade da Coruña</i>)
Panoraula	Actualidade do mundo da educación Antón Costa Rico Xosé Ramos Rodríguez (<i>Nova Escola Galega</i>)
Panoraula dixital	A actualidade educativa na Rede Sandra Dorado Gómez Almudena Alonso Ferreiro (<i>Grupo de investigación Stellae – Universidade de Santiago</i>)
Recensións	A bela e a besta ou a verdade do amor Miguel Vázquez Freire (<i>Nova Escola Galega</i>) 22 segundos, de Eva Mejuto Montse Pena Presas (<i>Universidade de Santiago</i>)

REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN Nº 70 – APRENDIZAXE POR PROXECTOS

Avance do núm. 71: A titoría (título provisional)

Máis alá das tarefas de carácter administrativo ou de control que teñen que exercer os titores e as titoras nas distintas etapas educativas, o número pretende centrarse no carácter formativo da actividade titorial, para o cal se precisa da súa planificación e da implicación de toda a comunidade educativa, como dan conta as experiencias que se presentan nel.



EXPERIENCIAS

REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DO NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 62-65

Convivencia e saúde en Rede: a experiencia do IES do Milladoiro

María Victoria Fernández Mosquera

Xefa do Departamento de Orientación do IES do Milladoiro (A Coruña)

Paula López Senín

Xefa de Estudos do IES do Milladoiro (A Coruña)

Víctor Manuel Santidrián Arias

Director do IES do Milladoiro (A Coruña)

ies.milladoiro@edu.xunta.es

A Organización Mundial da Saúde definiu a saúde no seu texto fundacional (1948) como “un estado de benestar físico, mental e social, con capacidade de funcionamento, e non só a ausencia de afeccións ou enfermidades”. No IES do Milladoiro asumimos esta definición como un dos eixes do proxecto educativo. Entendida dende unha perspectiva social, por exemplo, a saúde convértese nun pilar da convivencia, concepto tamén fundamental para o desenvolvemento dun centro educativo. Non esquezamos que entre os fins da educación recollidos na lexislación está a atención á convivencia nos centros escolares e o desenvolvemento de hábitos saudables no alumnado¹.

Deste xeito, unha boa saúde e unha boa convivencia escolares melloran os resultados académicos e promoven o desenvolvemento persoal de alumnas e alumnos ao mesmo tempo que producen unha maior satisfacción da comunidade educativa e, a pequena escala, contribúen a mellorar a convivencia e a saúde na localidade na que o centro desenvolve a súa actividade.

A literatura especializada demostra que cando se pon a aprendizaxe no seu contexto resulta máis significativa. Aí están exemplos como as comunidades de aprendizaxe ou as redes internacionais (Cidades Amigas da Infancia, Asociación Internacional de Cidades Educadoras, etc.): aumenta a titulación, desce o absentismo e a conflu-

tividade, mellora a competencia emocional, fomenta a colaboración coas familias e a implicación na comunidade incide na vida da localidade na que o centro está inmerso. Son moitas as institucións e organizacións que traballan cun centro educativo. Un traballo feito en rede ofrece mellores resultados e, sobre todo, os seus beneficios chegan a toda a comunidade porque supón un exercicio de consenso para acadar criterios comúns e realizar actuacións coordinadas.

O IES DO MILLADOIRO NO MILLADOIRO

O IES do Milladoiro é un centro escolar que dá servizo ao maior dos núcleos urbanos de Ames, no que viven case 13.000 persoas. O rápido crecemento do Milladoiro nos anos noventa foi acompañado dunha reivindicación social a prol da construción dun centro de ensino secundario, reivindicación que se fixo realidade no curso 2013/2014, cando comezou a funcionar o Instituto. Se a matrícula do primeiro ano de funcionamento foi de 29 alumnas e alumnos, é xa de case 450 no 2017/2018, cifra que previsiblemente seguirá medrando, dado que o municipio de Ames é dende o punto de vista demográfico un dos máis dinámicos de Galicia².

O alumnado do IES do Milladoiro presenta niveis socioculturais moi variados e responde ás novas realidades familiares existentes na sociedade. Esta diversidade amplíase coa presenza dunha porcentaxe relativamente elevada de alumnado procedente do estranxeiro, que se incorpora ao longo de todo o curso, mesmo na terceira avaliación e, en non poucas ocasións, con desfases curriculares severos. Aínda que a poboación inmigrante constitúe no Milladoiro

ro un dos colectivos con maior risco de exclusión, o alumnado non ofrece demasiadas dificultades de integración escolar, pero obriga a prestar especial atención aos procesos de acollida e ao respecto á multiculturalidade.

A REDE DO IES DO MILLADOIRO

Comunidade escolar, saúde, convivencia... son as bases sobre as que o centro puxo en marcha no curso 2015/2016 a Rede do IES do Milladoiro. Dalgún xeito, esta iniciativa viña desenvolver un dos obxectivos xerais do proxecto que o Equipo Directivo presentou ao proceso de elección da Dirección convocado en 2015: “Fomentar a apertura do centro á comunidade, incrementando as relacións coa sociedade, as asociacións e as institucións do Concello”. É, por outra banda, resultado do traballo que se realiza no Instituto dende o Departamento de Orientación e a Xefatura de Estudos, que se apoian noutro dos obxectivos do Equipo Directivo: a creación dun clima de traballo e de convivencia que favorezan o benestar do profesorado, do alumnado, do persoal non docente e das familias³.

A presenza de institucións nesta Rede foi incrementándose ao longo do tempo. Na primeira reunión participaron a Anpa do IES do Milladoiro “Anpa Milla”, a Anpa Ágora do IES do Milladoiro, o Centro de Saúde, o Concello de Ames, a Garda Civil do Milladoiro, a Inspección educativa e o Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (Igxax3), pero co paso dos meses fóronse sumando a Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (Agareso), a Asemblea de Cooperación pola Paz (Acpp), a Asociación de Empresarios do Milladoiro, o Centro de Educación Primaria de Ventín, a Escola

¹ Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación e na Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (Lomce). Pola súa banda, a Consellería de Educación da Xunta de Galicia mostra a súa preocupación a través da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e o Decreto 8/2015 polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. Para aprofundar nestes mandatos legais, a finais de 2015 fixo pública a Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020 (<http://www.edu.xunta.es/portal/Educonvives.gal>).

² Lois González, Rubén C. e outros (2016): *Diagnóstico integral demográfico e de distribución territorial do Concello de Ames. Informe final. Xuño 2016*. Concello de Ames-Grupo Ante (GI-1871).

³ O proxecto do Equipo Directivo pode ser consultado en <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/taxonomy/term/103>.

Infantil do Milladoiro e a Fundación Secretariado Xitano⁴. Non descartamos a incorporación de novos axentes⁵.

No primeiro ano de actividade da Rede celebráronse tres xornadas de traballo tituladas "A convivencia, responsabilidade de todas e todos". A primeira foi en decembro de 2015, continuada por unha segunda en febreiro de 2016 e a derradeira no mes de maio.

En decembro dese tivo lugar a primeira reunión do curso 2016/2017 —baixo o lema "A saúde, base dunha boa convivencia"— continuada por outras nos seguintes trimestres. Destas reunións plenarias xorden sesións sectoriais que melloran a coordinación do Instituto coas distintas institucións porque engraxan as relacións e facilitan a concreción dos proxectos.

a familia acepte esta alternativa⁶. Esta iniciativa, supervisada pola Inspección Educativa, non sería posible sen unhas relacións fluídas co Concello de Ames, que tamén ofrece, por exemplo, reforzos educativos para alumnas e alumnos de familias que, polas súas condicións laborais ou socioculturais, non presentan un clima adecuado para favorecer o traballo escolar dos seus fillos e fillas en horario extraescolar⁷.

Por outra banda, o IES do Milladoiro participa dende o curso 2015-16 no desenvolvemento dos contratos-programas ofertados pola Consellería (Plan de Reforzo, Orientación e Apoio (PROA), Mellora da convivencia e promoción da igualdade, Prevención do abandono temperá e do absentismo escolar, Mellora das competencias clave, Mellora da calidade na xestión dos centros), que supoñen unha pequena achega económica para o centro e un certo recoñecemento do traballo realizado. Varias das accións dos contratos-programa implican unha intensa participación de Igxax3, asociación coa que se desenvolven o programa de fortalecemento familiar, "Escola da vida", as titorías individualizadas, os obradoiros do Plan de Acción Titorial ou a posta en marcha, en colaboración coa Área de Didáctica da Matemática da Facultade de Ciencias da Educación da USC, dunha acción piloto de estímulo matemático: "Anaquiños matemáticos".

Tamén é de particular importancia a relación coa Escola Infantil do Milladoiro e co CEP de

⁶ <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/node/735>

⁷ Esta actividade serve de apoio ás medidas de atención á diversidade e ao alumnado con necesidades educativas, liñas prioritarias na organización do centro. A maiores do apoio do profesorado de Pedagogía Terapéutica ao alumnado con desfase curricular significativo ou necesidade de inmersión lingüística, no curso 2016/2017 funcionan un grupo de PMAR en 2º da ESO e outro en 3º. En 1º e 2º da Eso, o centro tamén conta con agrupamentos flexibles ou desdobramentos en linguas e matemáticas.



Un intre do encontro sobre convivencia celebrado entre os distintos representantes de entidades no IES do Milladoiro. Foto: IES Milladoiro

O IES busca unha mellor convivencia para mellorar resultados

No centro do Milladoiro foi a xornada de análise con Anpas, Garda Civil e outros axentes

MAR TOLEDO
Ames

A colaboración dos distintos axentes educativos fortalece e enriquece a calidade no sistema, así como primeiros beneficiados os alumnos. Disto están convencidos na dirección do IES do Milladoiro, onde desenvolveron a pasada semana a segunda xornada de convivencia, como responsabilidade de todos.

En esta ocasión volveron a atoparse membros da Anpa do IES do Milladoiro, da Anpa Agora do IES do Milladoiro, do centro de saúde, do Concello de Ames, da Garda Civil, da Inspección educativa e de Igxax3. "O novo feito de que todas as institucións repitan xa é para nós un éxito", sinalou o director

do citado centro educativo, Víctor Santidrián. "Abrimos a iniciativa a outras entidades e persoas que están interesadas e queren colaborar", dixo Santidrián.

O desenvolvemento persoal, a coordinación coas familias, a prevención do abuso e do cibercoso, a igualdade, a educación para a saúde ou a interculturalidade foron algunhas das liñas de traballo valoradas nesta xornada.

"Batamos consolidando todo o que falamos na primeira reunión. O importante é a coordinación, que todas as entidades cofeazan e sepan o que facemos todos. A interacción resulta moi productiva, xa que aproveitamos as sinerxías de todas as partes", enfatizou o director do instituto. A iniciativa xurdeu hai

apenas dous meses. Logo de que o centro analizara o mellor xeito de organizar esta actividade xunto a outras entidades, levou a cabo a primeira xornada o pasado día 1 de decembro.

Baixo o título *A comunidade: responsabilidade de todos e todos pasaron sobre a mesa* a importancia deste concepto. "Unha das liñas de traballo fundamentais deste IES é a convivencia. Unha boa convivencia escolar mellora os resultados académicos e produce unha maior satisfacción da comunidade educativa, ao mesmo tempo que, a pequena escala, contribúe a mellorar a convivencia na localidade na

que o centro desenvolve a súa actividade: O Milladoiro", sinalou. Tamén engaden dende o profesorado que "é un traballo que, feito en rede, ofrece mellores resultados e, sobre todo, os seus beneficios chegan a toda a comunidade, como está demostrado".

A segunda xornada tivo lugar o pasado martes 2 de febreiro na biblioteca do centro. No encontro, o director informou da concreción dos contratos-programa presentados á Consellería de Educación. "Xa nos deron o visto bo a programas de reforzo da Xunta de Galicia para o alumnado con dificultades. Unha actividade que se ve completada co programa do Concello", sinalou Santidrián.

Tamén explicou en que consiste a solicitude ao Ministerio de Educación do selo de calidade Vida Saudable que veñen de tramitar. Tendo en conta a importancia que lle otorgan ao traballo de meditación, todos foron aportacións importantes. En aspectos como a solicitude ao Ministerio de Educación do selo de calidade Vida Saudable que veñen de tramitar. Tendo en conta a importancia que lle otorgan ao traballo de meditación, todos foron aportacións importantes. En aspectos como a solicitude ao

Ministerio de Educación do selo de calidade Vida Saudable que veñen de tramitar. Tendo en conta a importancia que lle otorgan ao traballo de meditación, todos foron aportacións importantes. En aspectos como a solicitude ao

Ministerio de Educación do selo de calidade Vida Saudable que veñen de tramitar. Tendo en conta a importancia que lle otorgan ao traballo de meditación, todos foron aportacións importantes. En aspectos como a solicitude ao



⁴ Para máis información sobre estas entidades remitimos ás súas respectivas web: Agareso: <http://www.agareso.org/gj>; Acpp: <http://www.acpp.com>; Anpa do IES do Milladoiro "AnpaMilla": <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/taxonomy/term/74>; Anpa Agora do IES do Milladoiro: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/taxonomy/term/69>; CEP de Ventín: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cepdeventin/>; Concello de Ames: <http://www.concellodeames.gal/index.php?idioma=gl>; EeiMilladoiro: <http://www.edu.xunta.gal/centros/eimilladoiro/>; Fundación Secretariado Xitano: <https://www.gitanos.org/galicia/>; Igxax3: <http://www.igxax3.org/?lang=gal>

⁵ A Rede non substitúe senón que complementa a acción doutras instancias como son o Claustro, a Comisión de Coordinación Pedagóxica ou o Consello Escolar.

Entre as moitas iniciativas que consolidou ou que posibilita esta Rede destaca a posta en marcha dun proxecto de intervención para atender o alumnado de condutas disruptivas de especial dificultade que se vexa privado temporalmente do seu dereito de asistencia dunha sanción. Ese alumnado realiza traballos para a comunidade fóra do centro en servizos e dependencias municipais, sempre que

Ventín, do que procede a maior parte do alumnado do Instituto. Concibimos a educación como un continuo, polo que aspiramos a coordinar as accións de centros de niveis distintos, dende aspectos meramente burocráticos como pode ser o transvasamento de documentación ata accións de maior calado educativo presididas pola filosofía da prevención e da intervención. Por esa mesma razón é de interese a colaboración coas asociacións de nais e pais no que pode ser o xermolo dunha escola de familias das tres etapas educativas.

Na Rede tamén colaboran a Fundación Secretariado Gitano e outras ONG como a Agareso e a ACP, organizacións que desenvolven varios obradoiros co alumnado. Outras institucións clave son a Asociación de Empresarios do Milladoiro, o Centro de Saúde e a Garda Civil do Milladoiro. O IES do Milladoiro traballa con elas nos seus respectivos ámbitos competenciales, por exemplo, a orientación laboral e profesional, a alimentación ou a formación para un mellor uso das redes sociais, respectivamente.

Todas estas iniciativas e outras máis visualízanse neste cadro:

PARA CONCLUIR

Facemos, en primeiro lugar, unha valoración positiva da experiencia como se puxo de manifesto no documento que se aprobou na derradeira reunión do curso 2015/2016⁸. Creemos, por outra banda, que a incorporación progresiva de novos axentes á Rede é precisamente un síntoma do seu funcionamento. O mero feito de que todas as institucións coñezan o que se está a facer é positivo en si mesmo, pero, ademais, abre as portas a novas accións e facilita a cooperación e a coordinación.

Porén, queda moito camiño por percorrer. A consolidación do traballo realizado é un obxectivo primordial para unha experiencia que aínda é moi nova. É necesario avaliar e profundar nas accións realizadas⁹. Por outra banda, o noso reto é conseguir que as iniciativas impregnen a actividade dos departamentos didácticos a través das súas programacións e viceversa, así como mellorar as canles de comunicación para que o traballo realizado chegue a todos os recunchos da comunidade escolar. ■

LIÑAS DE ACTUACIÓN	INSTITUCIÓNS														
	IES	DEP. DIDÁCT.	IGAXES3	CONCELLO	ANPAS	CENTRO SAÚDE	GARDA CIVIL	POLICÍA LOCAL	CEP VENTÍN ET MILLADOIRO	AS. EMPRESAS	ACPP	AGARESO	SEC. XITANO	USC	
FÍSICA	Alimentación	✓	✓		✓				*						
	Educación afectivo-sexual	✓	✓	✓		✓			*						
	Prevenção de drogas	✓	✓		*	*	✓								
	Recreos Saudables	✓	✓												
	Ocio saudable	✓	✓		✓	✓									
	Educación Vial	✓	✓					*							
MENTAL	Acollida	✓							✓						
	Axenda Escolar	✓			*				*						
	Apoio no proceso E-A	Información escolar	✓			✓				✓					
		Clases de reforzo (1º, 2º ESO)	✓			✓									
		Clases español para estranxeiros	✓			✓									
		PROA	✓	✓											
		Desenvolvemento competencias	✓	✓	✓										✓
	Programa Promociona	✓											✓		
	Promoción saúde mental	✓			*		✓								
	Orientación Académica-Profesional	Laboral	✓		✓	*								✓	✓
		Académica	✓		✓										✓
		Profesional	✓		✓	*									
		Programa Acceder	✓											✓	
	Problemas de conduta	Tutorías individualizadas	✓		✓										
Terapia familiar		✓		✓	✓										
Escola da vida		✓		✓											
Fortalecemento familiar		✓		✓											
Programa HHSS		✓													
Servizos socio-comunitarios		✓				✓									
Procedemento conciliado		✓		✓											
Familias	Escola de Pais e Nais	✓		✓	*	✓	*		*						
	Programa HHSS para familias	✓													
	Reunións informativas	✓		✓				✓	✓				✓	✓	
SOCIAL	Prevenção Acoso e Ciberacoso	TEI	✓		✓										
		Plan Director	✓						✓						
		Saúde Dixital	✓	✓	✓		✓		✓						
	Resolución de conflitos	✓		✓											
	Mediación	✓		✓											
	Igualdade	✓	✓		✓				✓			✓			
Interculturalidade/Cidadanía global	✓	✓	✓								✓	✓			

8 Pode consultarse en <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/taxonomy/term/151>

9 O centro acadou en xuño de 2017 o selo "Vida Saudable", mención honorífica outorgada polo Ministerio de Educación que recoñece as accións destinadas a fomentar a calidade dos centros educativos (Ordeecd/2475/2015, de 19 de novembro, pola que se crea o distintivo de calidade de centros docentes Selo Vida Saudable).